

Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación



Ceip Profesor Albino Núñez
Ourense

PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

1. Xustificación do proxecto
2. Análise do CEIP Albino Núñez ante as TIC
3. Obxectivos do proxecto TIC
 - 3.1. Obxectivos mestres
 - 3.2. Obxectivos alumnos
 - 3.3. Obxectivos do centro e comunidade educativa
4. Actividades
 - 4.1. Actividades mestres
 - 4.2. Actividades alumnos
 - 4.2.1. Actividades alumnos Educación Infantil
 - 4.2.2. Actividades alumnos Primeiro Ciclo
 - 4.2.3. Actividades alumnos Segundo Ciclo
 - 4.2.4. Actividades alumnos Terceiro Ciclo
 - 4.3. Actividades do centro e comunidade educativa
5. Metodoloxía
6. Atención á diversidade mediante as TIC
7. Recursos existentes no centro en relación ás TIC
8. Organización dos espazos do centro
9. Plan de formación do profesorado en relación ás TIC
10. Plan de avaliación do proxecto

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A escola ha de intentar a formación integral dos cidadáns, capacitándoos para participar activa e criticamente na sociedade que lles toca vivir, onde se terán que desenvolver persoal e profesionalmente.

Desde hai uns anos as novas tecnoloxías veñen adquirindo unha maior presenza na sociedade introducíndose pouco a pouco na maioría dos ámbitos da vida. As súas enormes potencialidades póñennos de manifesto que o seu emprego vai resultar imprescindible na sociedade actual.

Por iso a escola non pode permanecer allea ás contribucións e posibilidades das novas tecnoloxías e debe saber integrar os novos medios na práctica escolar cotiá para preparar ao alumnado para que no futuro sexan competentes no uso destas ferramentas.

As TIC posibilitan a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe converténdose nun recurso e obxectivo pedagóxico de importancia ao ser:

- Fonte de adquisición de información con ordenadores conectados a Internet.
- Canle de comunicación interpersonal.
- Facilitadoras do traballo colaborativo e de intercambio de ideas e experiencias.
- Medio de expresión e creación.
- Unha ferramenta para o traballo titorial do profesorado.
- Xestor eficaz dos recursos do centro: biblioteca, videoteca, xestión administrativa...
- Recurso interactivo para a aprendizaxe.
- Medio lúdico.

- Medio que ofrece novos contornos virtuais de aprendizaxe permitindo manter unha continua comunicación entre estudantes e profesores.
- Medio que proporciona enormes vantaxes ó alumnado con N.E.E. e no tratamento da diversidade xa que posibilita a comunicación e o acceso á información e permite adaptarse ao ritmo de traballo de cada alumno.
- Altamente motivadores para o noso alumnado.

A aplicación das TIC ao traballo de aula convértese así nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Os alumnos/as deben adquirir os coñecementos e habilidades necesarios para abordar con garantías de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe tanto na aula coma no fogar e tempo libre. Trátase de que os alumnos acaden a competencia dixital necesaria para dar resposta eficaz ás necesidades xurdidas de estar inmersos na sociedade da información e da comunicación. Esta competencia nas TIC consiste en dispoñer das habilidades necesarias para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva, que lle permita tomar as decisións correctas diante do enorme caudal de información que aportan estes medios.

A propia LOE 2/ 2006 do 3 de maio inclúe entre as competencias básicas "O tratamento da información e a competencia dixital"

2. ANÁLISE DO CEIP ALBINO NÚÑEZ ANTE AS TIC

O CEIP "Albino Núñez" é un Centro Público de Educación Infantil e Primaria situado nos arredores da cidade de Ourense, concretamente en Casardomato, no barrio do Pino, nunha zona un pouco aillada, a medio camiño entre a cidade e os pobos da periferia, e preto da estrada nacional que conduce a Vigo.

A súa situación física, a medio camiño entre o núcleo urbano e o rural, e o feito de contar con transporte escolar, fai que a procedencia do noso alumnado sexa moi variada : nenos/as que viven na cidade, nenos /as que viven na periferia e nenos/as que viven na zona rural próxima á capital ourensá, o cal repercute no proceso educativo: distinta lingua materna, distinto acceso a servizos culturais e sociais ... aspectos que teremos que ter en conta no noso programa de actuación.

Contamos cun alumnado dunha extracción social media-baixa, cunha maioría de pais/nais dedicados ó sector servizos e/ ou empregados por conta allea.

O contexto socio-familiar tamén é moi variado: o modelo de familia nuclear sólido, composto por 1-2 fillos/as é o predominante no noso Centro, aínda que cada día é maior o número de casos que atopamos de familias monoparentais. A incorporación maioritaria das nais ó mundo do traballo fai que haxa moitos nenos/as que pasan bastante tempo sós na súa casa, sen un control sobre as súas actividades.

Nos últimos anos debemos destacar tamén un gran incremento de familias inmigrantes e de baixo nivel económico.

En canto á participación das familias na vida do Centro, en xeral, podemos dicir que é algo escasa, cinxíndose, na maioría dos casos, á visita na hora de titoría.

O colexio conta cun total de 20 profesores, unha porcentaxe elevada do profesorado, concretamente un 80%, ten destino definitivo no Centro, o que conleva un alto grao de estabilidade; isto proporciona unha maior posibilidade de levar a cabo proxectos estables a medio e longo prazo, máis difícil de alcanzar cun persoal docente inestable.

Con respecto á situación do centro en relación ás novas tecnoloxías expoñemos a continuación os resultados das enquisas sobre uso e valoración das TICs que se pasaron a finais do curso pasado tanto a profesorado coma a alumnado.

CONCLUSIÓNS DAS ENQUISAS DOS ALUMNOS/AS DE 1º CICLO SOBRE COÑECEMENTO E MANEXO DAS TICS

► En canto a dispoñibilidade na súa casa de medios tecnolóxicos de información e comunicación:

O **62% dos alumnos/as posúe ordenador**, aínda que só o **34% dispón de Internet**.

Ten **cámara dixital o 59%** e **reprodutor de vídeo e DVD o 93%**

► O principal lugar de acceso ós recursos informáticos é o colexio, seguido a bastante distancia da casa.

► Ó 100% gústalle que os profesores os leven á aula de informática, aínda que só a un 66% lle parece que alí aprende máis ca na aula ordinaria.

► A maioría di que adquiriu a formación que posúe sobre uso e funcionamento dos ordenadores na casa, seguido do colexio a moi curta distancia.

► Ó 96% gustaríalle que a aula de informática estivese aberta no recreo.

CONCLUSIÓNS DAS ENQUISAS DOS ALUMNOS/AS DE 2º CICLO SOBRE COÑECEMENTO E MANEXO DAS TICS

► En canto a dispoñibilidade na súa casa de medios tecnolóxicos de información e comunicación:

○ 81% dos alumnos/as posúe ordenador, aínda que só o 41% dispón de Internet e un 28% ten conta de correo electrónico.

Ten cámara dixital o 72% e reprodutor de vídeo e DVD o 87%

► O principal lugar de acceso ós recursos informáticos é a casa e o colexio, en igual porcentaxe, seguido da casa dalgún familiar ou amigo.

► O **87%** dos alumnos/as considera **útil empregar a informática** e os diferentes medios audiovisuais na escola e gustaríalle que os profesores utilizasen máis as novas tecnoloxías á hora de impartir as clases. E un **90%** opina que traballar coas TICs lle **facilita a aprendizaxe**

► A maioría di que adquiriu a formación que posúe sobre uso e funcionamento dos ordenadores na casa seguido do colexio.

► Sobre o uso que lle dan ó ordenador prevalece o uso lúdico (57%) sobre o académico (43%), empregándoo sobre todo para xogar e escoitar música ou ver películas. A nivel académico úsano especialmente para buscar información e para facer traballos escolares.

► Ó 100% gustaríalle que a aula de informática estivese aberta no recreo.

CONCLUSIÓNS DAS ENQUISAS DOS ALUMNOS/AS DE 3º CICLO SOBRE COÑECEMENTO E MANEXO DAS TICS

► En canto a dispoñibilidade na súa casa de medios tecnolóxicos de información e comunicación:

○ 77% dos alumnos/as posúe ordenador, aínda que só o 38% dispón de Internet e un 35% ten conta de correo electrónico.

Ten cámara dixital o 75% e reprodutor de vídeo e DVD o 98%

► Acceden normalmente ós recursos informáticos sobre todo no colexio, seguido da casa dalgún familiar ou amigo.

► O **98%** dos alumnos/as considera **útil empregar a informática** e os diferentes medios audiovisuais na escola e gustaríalle que os profesores utilizasen máis as novas tecnoloxías á hora de impartir as clases. É un **90%** opina que traballar coas TICs lle **facilita a aprendizaxe**

► Un 63% adquiriu a formación que posúe sobre uso e funcionamento dos ordenadores no colexio e na casa en igual porcentaxe.

► Un 48% deles di ter un coñecemento alto no manexo das TICs e un 46% medio. Tan só un 6% di telo baixo ou nulo.

► Analizando as distintas ferramentas informáticas obsérvase que o nivel de coñecemento maior é no manexo do vídeo e DVD nunca porcentaxe do 98%, seguido no uso de buscadores cun 86%, cámara dixital 84%, navegadores 82%. O nivel menor de coñecemento corresponde á almacenaxe de datos en distintos soportes cun 47%, seguido do correo electrónico, Chat e descarga e almacenaxe de imaxes, arquivos... Un 56% ten un coñecemento alto ou bastante alto dun procesador de texto.

► Sobre o uso que lle dan ó ordenador prevalece o uso lúdico sobre o académico, empregándoo sobre todo para xogar e escoitar música ou ver películas. A nivel académico úsano especialmente para buscar información e para facer traballos escolares.

Como instrumento lúdico: 88%

Como fonte de información: 65%

Para descargar películas, música ...:58%

Para facer traballos escolares: 48%

Como canle de comunicación : 46%

► Ó 100% gustaríalle que a aula de informática estivese aberta no recreo.

CONCLUSIÓNS DAS ENQUISAS DOS PROFESORES/AS SOBRE COÑECEMENTO E MANEXO DAS TICS

Os datos de clasificación indicannos que a **idade media** do profesorado xira en torno aos **50 anos**, tendo como media uns **25 anos** de **docencia**, exercendo un **55 %** como **profesores-titores** e o outro **45%** como **profesores-especialistas, cargos directivos e outros**.

► En canto aos resultados das enquisas realizadas constátase que:

O **55%** do profesorado considera que o **seu nivel de coñecemento** no manexo das TICS é **baixo ou nulo** e o outro **45%** restante considera que é **medio**, ningún considera ter un nivel alto.

► Un **55%** **accede** aos recursos informáticos **na súa casa** ademais de facelo **noutras dependencias do colexio**, onde o fai tamén unha **ampla maioría** do profesorado, sendo a **aula de informática** e a **sala de fotocopiadoras** os lugares preferentes.

► As ferramentas informáticas e medios audiovisuais que mellor saben manexar os profesores son os **reprodutores de Vídeo e DVD e as impresoras**, que un **65** e un **60%** respectivamente, considera que sabe manexar bastante ou moito. Os **procesadores de texto, navegadores, correo electrónico e buscadores** ocupan un segundo posto, considerando un **50%** que os manexa bastante ou moito. O terceiro posto ocupano o **programa Xade** e o **almacenaxe de datos en distintos soportes** que un **65%** considera que sabe utilizar pouco-bastante. Os **programas de folia de cálculo, de presentacións e o uso do escáner** son manexados pouco-bastante por un **50%** dos profesores e podemos considerar que todas as **demais ferramentas informáticas** obxecto da enquisa non sabe manexalas o **80%** do profesorado.

► A formación que posúen os profesores neste campo adquirirona de xeito autodidacta un 65%, mediante cursiños do CEFORE un 55% e mediante outros cursos un 15%.

► O 50% considera que a formación recibida resultou aceptable para o seu labor profesional mentras que o 30% considera que foi simplemente suficiente, un 5% insuficiente e outro 5% considera que foi óptima.

► O **60%** do profesorado emprega as TIC como **recurso didáctico** para algunha asignatura ou como **fonte de información** (ben a través de Internet, CD-ROM...) **bastante-moito**, seguido por un **55%** que as emprega tamén **bastante-moito** para a **realización de apuntes e traballos** e para **obter materiais e servizos**; o **visionado de vídeos e DVD** e a **comunicación por e-mail** son empregados **bastante-moito** por un **50%**, seguido polo uso como **instrumento de xestión** que é realizado por un **40%**. Os demais usos das TIC son nada ou moi pouco utilizados, un **80% non os emprega**, sendo a encerado e o canón dixital os menos aproveitados, seguidos dos proxectores de

diapositivas e transparencias e o uso como medio de publicación de materiais web.

▶ O **55%** do profesorado considera que a **principal dificultade** con que se atopa á hora de incorporar as ferramentas informáticas o seu labor docente é a **falta de preparación** e o **40%** considera que o **incremento do tempo de dedicación** é o que obstaculiza este proceso, sendo as demais causas (falta de equipo informático na casa, escaseza de materiais didácticos...) factores que non inflúen demasiado para obstaculizar este proceso.

▶ O profesorado utiliza as TIC sobre todo en Coñecemento do medio, 90%, e en Lingua castelá, 80%; en Lingua galega, Ed. plástica e Matemáticas son utilizadas por un 30%; nas demais asignaturas as porcentaxes xa son moito máis baixas debido a que só son dadas por un ou dous profesores (música, relixión, inglés...). En canto á frecuencia, o máis habitual é empregalas **semanalmente**, un **35%**, ou **quincenalmente**, un **20%**, sendo as demais variables pouco significativas.

▶ En xeral, os profesores consideran que as TIC favorecen no proceso de ensino-aprendizaxe todas as características mencionadas na pregunta, sendo as que acadan unha maior puntuación: a alta motivación, a variedade de códigos de información (texto, son, imaxe...) e a flexibilidade para actualizar información.

▶ O uso do ordenador é considerado educativo, importante, entretido e eficaz polo 85% do profesorado, pola contra só o considera innecesario, prexudicial, rixido e complicado un 5% do profesorado.

▶ Ao **70%** do profesorado gustaríalle que as TIC lle axudaran na **atención á diversidade**, a un **60%** na **obtención de materiais** e a un **45%** na **motivación**

dos alumnos pola asignatura e no **reforzo de contidos básicos**; sendo as demais variables de menor importancia.

► O **95%** do profesorado considera necesario **ampliar a súa formación** nas TICs, sendo o **90%** partidario de facelo dentro do **recinto escolar**. En canto ao **horario**, un **61%** dos que manifestan preferir recibir dita formación dentro do recinto escolar, considera tamén preferible facelo **dentro do horario escolar** unha vez á semana. Ao outro **39%** restante gustaríalle recibila dentro do recinto escolar pero **fóra do horario lectivo** e tamén a maioría prefire que se realicen sesións informativas unha vez por semana.

3.OBXECTIVOS DO PROXECTO TIC

3.1. OBXECTIVOS MESTRES

- Valorar as posibilidades que ofrecen as TIC para o labor docente: uso de recursos didácticos máis atractivos, intercambio de experiencias e innovación na práctica educativa cotiá.
- Adquirir os coñecementos informáticos necesarios para poder facer uso didáctico das TIC nas áreas que imparte.
 - Afondar no manexo do sistema operativo Windows XP.
 - Coñecer o funcionamento básico e distribución dunha rede de ordenadores.
 - Introducirse no uso das aplicacións ofimáticas básicas (procesador de textos e presentacións) e descubrir as posibilidades de aplicación destas ferramentas ao traballo docente.

- Iniciarase ou profundar, no seu caso, no manexo do encerado dixital interactivo e posta ao día dos programas educativos dispoñibles na rede.
- Coñecer outras ferramentas relacionadas coas novas tecnoloxías: escáner, canón dixital, proxectores, cámara dixital...
- Utilizar a rede como medio de información e formación permanente:
 - Busca de recursos para a aula.
 - Intercambio de experiencias con outros centros e compañeiros.
 - Actividades de teleformación.
 - Comunicación cos alumnos e as familias a través do correo electrónico e páxina web.
- Empregar as ferramentas informáticas para o seu traballo titorial e de docencia: programacións, titorías, controis, actividades, fichas...
- Crear material didáctico en formato dixital, usando ferramentas sinxelas de autor.
- Facilitar o acceso a estes recursos por parte dos alumnos con necesidades educativas especiais e deseñar novos materiais de apoio e reforzo máis adaptados e flexibles.
- Publicar na páxina web do centro traballos realizados ou experiencias levadas a cabo a nivel de aula ou centro.
- Dispor dun banco de datos o máis actualizado posible de recursos didácticos, páxinas web, programas, etc. que faciliten o labor do profesorado.
- Participar en programas ou cursos de formación para o aproveitamento didáctico destes medios.

- Promover experiencias multidisciplinares a través do traballo en equipo.

3.2. OBXECTIVOS ALUMNOS

- Coñecer e espertar o interese polas diversas facetas que as TIC desempeñan no mundo actual.
- Coñecer e utilizar as ferramentas informáticas básicas que lles permitirán usar as TICs no proceso de aprendizaxe así coma no tempo de lecer:
 - Aprender o manexo básico do sistema operativo Windows XP, adaptado á súa idade.
 - Introducirse no uso dun procesador de textos e dun programa de presentacións
 - Manexar programas e entornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, ben para descubrir ou para reforzar contidos.
 - Iniciarse no manexo do encerado dixital interactivo.
 - Aprender a utilizar todos os recursos que nos ofrece Internet: navegación, correo, chats, foros, videoconferencia.
- Desenvolver as habilidades necesarias para a búsqueda, selección, tratamento, procesamento e presentación da información.
- Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.
- Utilizar as TIC como medio de creación, integración, e potenciación de valores sociais e expresión de ideas con liberdade de expresión, tolerancia e respecto.
- Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado.

- Aproveitar as posibilidades que ofrecen estes medios para a comunicación e intercambio de experiencias con compañeiros doutros centros, cidades, países, etc. tanto no colexio coma no fogar.
- Familiarizarse coa nova forma de aprender que estes medios aportan e que sentarán as bases para unha aprendizaxe autónoma ao longo de toda a súa vida: aprender a aprender.
- Coidar e facer un uso correcto do material.

3.3. OBXECTIVOS DO CENTRO E COMUNIDADE EDUCATIVA

- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta didáctica no labor docente, de tal xeito que conduzan a un cambio metodolóxico e innovador no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar o acceso ás TIC a todos os alumnos e alumnas converténdoo nun elemento integrador que proporcione as mesmas oportunidades a todo tipo de alumnado.
- Desenvolver no alumnado o uso crítico das TIC como medio para acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as vantaxes, inconvenientes ou limitacións.
- Favorecer o traballo colaborativo tanto entre o profesorado coma entre o alumnado.
- Establecer novas canles de comunicación entre os diferentes estamentos da comunidade educativa. Empregar o correo electrónico como ferramenta habitual de xestión e comunicación no centro, e como medio de

comunicación co alumnado e as familias, así como a través da páxina web do centro.

- Apoiar e asesorar técnicamente desde o Equipo de Novas Tecnoloxías (dentro das nosas posibilidades) ao profesorado no uso das TIC.
- Catalogar e manter actualizados os recursos con que conta o centro no que ás TIC se refire e facelo chegar a toda a comunidade educativa.
- Optimizar os recursos cos que conta o centro tanto en canto á súa situación coma dispoñibilidade horaria de tal xeito que non haxa unha infrautilización destes medios.
- Pór en funcionamento e manter actualizada a web do centro e fomentar o seu uso pola comunidade educativa.
- Dispor dun banco de datos o máis actualizado posible de recursos didácticos, páxinas web, programas, etc. que faciliten o labor do profesorado e do alumnado.
- Facilitar o acceso de toda a comunidade educativa á información, recursos e servizos que se implanten.
- Xestionar a biblioteca escolar co programa MEIGA: empréstitos e devolucións, rexistro, catalogacións...
- Apoiar a participación da ANPA na utilización activa da páxina web do centro e na creación dos contidos que lle atinxan.

4. ACTIVIDADES

4.1. Actividades mestres

- Recopilación das diferentes actividades que se atopan na web referidas ás TIC nas diferentes áreas.
- Uso de programas educativos na práctica diaria docente.
- Creación de actividades a través de ferramentas sinxelas de autor: JClic, Webquests, Miniquests, Notebook...
- Manexo de aplicacións para alumnos con necesidades educativas especiais ou con dificultades de aprendizaxe.
- Actividades de formación básica do profesorado no uso e manexo das TIC.
- Uso do encerado dixital.
- Recopilación e uso das diferentes actividades que se atopan na web adicadas ao encerado dixital.
- Deseño de actividades para o encerado dixital.
- Deseño de actividades para o encerado dixital interactivo para alumnos con necesidades educativas especiais e alumnado estranxeiro,
- Subir contidos á páxina web do colexio.
- Intercambiar información con profesores doutros centros a través do correo electrónico, chats ou foros.
- Creación dun blog de aula.
- Uso do programa XADE a nivel titorial.

4.2. Actividades alumnos

4.2.1. Actividades alumnos Educación Infantil

- Acendido e apagado do ordenador.
- Manexo do rato e do cursor.

- Ensino das principais funcións do teclado.
- Utilización de programas educativos: Cativadas, Pipo, Caillou, Papapapú, TuxPaint...
- Utilización de recursos educativos da rede: páxina web da Xunta, JClic, Cnice...
- Realización de diversos tipos de actividades co encerado dixital.

4.2.2. Actividades alumnos Primeiro Ciclo

- Acendido e apagado do ordenador.
- Manexo do rato.
- Ensino das funcións básicas do teclado.
- Utilización de programas didácticos: Pipo, El conejo lector, Tira da Lingua,...
- Utilización de recursos educativos da rede: páxina web da Xunta, JClic, Cnice...
- Primeiras nocións dun procesador de textos.
- Primeiras nocións da impresión.
- Actividades co encerado dixital.

4.2.3. Actividades alumnos Segundo Ciclo

- Crear, gardar, abrir e eliminar carpetas e arquivos.
- Iniciación ao manexo dun procesador de textos.
- Iniciación ao manexo da impresora.
- Utilización de programas e recursos educativos (vía web, CD, DVD....)
- Actividades co encerado dixital.
- Comezo da navegación por Internet.
- Consulta de dicionarios e enciclopedias multimedia.
- Uso do correo electrónico

- Acceso ao lector de CD e DVD.

4.2.4. Actividades alumnos Terceiro Ciclo

- Recoñecer as partes dun equipo informático.
- Crear, abrir e eliminar carpetas e arquivos.
- Creación e almacenamento de arquivos e carpetas en diferentes soportes.
- Acceso, manipulación e utilización de soportes informáticos comúns: disco duro, CD e memoria USB e transferencia de ficheiros entre os mesmos.
- Utilización do lector de CD e DVD e manexo básico dos programas de reprodución.
- Manexo do escáner e da cámara dixital.
- Utilización de programas didácticos e de recursos educativos da rede.
- Consulta de dicionarios, enciclopedias e tradutores multimedia.
- Utilización dun procesador de textos e dun programa de presentacións. Crear textos e presentacións a nivel individual ou de clase, curso ou ciclo.
- Uso de correctores ortográficos para os textos elaborados por eles.
- Impresión de documentos en rede.
- Actividades co encerado dixital.
- Navegación por Internet. Busca e tratamento da información textual e gráfica en Internet.
- Utilización do correo electrónico con arquivos adxuntos e de programas de mensaxería instantánea.
- Uso da páxina web do centro.
- Creación dun blog de aula.
- Realización de miniquests e webquests.

4.3. Actividades do Centro e Comunidade Educativa

- Implementación do correo electrónico entre o profesorado. Primar o seu uso para as comunicacións internas, información sobre lexislación, intercambio de documentación...
- Implementación do correo edu.xove para o alumnado de 3º a 6º de primaria. Dende a dirección enviar periódicamente información e enlaces de interese e animalos a que resposten; por parte dos titores enviar pequenos traballos, cuestionarios e tarefas sinxelas que deben ser cumprimentadas polos nenos e devoltos pola mesma canle.
- Creación da páxina web do colexio dentro do marco do grupo de webs dinámicas promovido pola Consellería de Educación.
- Creación dun banco de datos de recursos didácticos na rede: páxinas web, programas didácticos... catalogados por ciclos.
- Rexistro de todos os materiais e recursos relacionados coas TIC que chegan ao centro, mantendo sempre actualizado o inventario de todos os recursos.
- Fixación dos criterios de distribución e confección de horarios para un mellor aproveitamento dos espazos e dos recursos.
- Mantemento da aula de informática aberta durante o recreo para o uso libre por parte do alumnado.
- Dixitalización do sistema de xestión da biblioteca escolar mediante o programa *Meiga*.
- Utilización da páxina web do centro e do correo electrónico para a comunicación entre toda a comunidade educativa.
- Emprego do programa XADE para toda a xestión administrativa, académica... do centro
- Actividades de formación e posta ao día do profesorado.

- Instalación de programas e/ou aplicacións demandadas polo profesorado e manter e solucionar, na medida do posible, pequenos problemas técnicos (de hardware) que se presenten nos equipos informáticos e audiovisuais, e requerir os servizos de persoal especializado naqueles casos que non puideran ser resoltos.

5. METODOLOXÍA

Tendo en conta que o papel do profesorado é o de facilitador das aprendizaxes críticas e persoais, e de organizador de ambientes estimulantes e diversificados que permitan o manexo de fontes diversas e actualizadas, favorecendo o traballo colectivo e cooperativo en igualdade, as novas tecnoloxías converteranse nunha ferramenta imprescindible para o noso labor docente polas moitas posibilidades que nos ofrecen ao permitírnos a alumnos e profesores dispor de fontes actualizadas e diversas de obtención, tratamento e presentación de información. Sen esquecermos do alto valor motivador que as novas tecnoloxías teñen para o noso alumnado e que ten que ser aproveitado na nosa práctica docente.

Deben polo tanto estar implementadas en todas e cada unha das áreas do currículo e en todas as actividades que se desenvolven no centro xa sexan de tipo administrativo, de comunicación coas familias, actividades colectivas, de tempo libre... Non poden ser de ningún xeito un compartimento illado converténdose só nunha materia obxecto de estudo; o que non quere dicir que o alumnado non deba adquirir os coñecementos básicos nas TICs para que poida aproveitar didáctica e ludicamente estas ferramentas. Estes coñecementos coidamos que, na súa maior parte, poden ser adquiridos na práctica habitual da aula a medida que a necesidade o vai demandando, os nosos proxectos pedagóxicos serán os que

reclamen os medios a utilizar e non ao revés; outros poden necesitar de sesións específicas que impartirían profesores do centro.

A metodoloxía para levar a cabo este proxecto deberá basearse nos seguintes principios metodolóxicos:

1. PLANIFICACIÓN:

- Na programación de cada materia o profesor responsable decidirá o método de utilización das TIC, respectando as condicións mínimas de utilización que se fixan neste proxecto.
- O traballo coas TIC estará integrado dentro da programación de cada área.
- Antes de iniciar calquera actividade coas TIC o docente terá planificada de antemán dita actividade.

2. PARTICIPACIÓN ACTIVA:

Propiciarase unha metodoloxía activa na que o alumno sexa o propio protagonista. Buscaremos que os usuarios convertan todo o aprendido en algo propio, elaborando materiais, buscando información, pasando continuamente da teoría á práctica, da adquisición de coñecementos á posta en práctica do aprendido.

3. SIGNIFICATIVIDADE:

Os programas e as actividades seleccionadas deberán ser significativas para cada individuo, de maneira que respondan as súas necesidades e lles permitan aplicalas no seu entorno.

4. FLEXIBILIDADE NOS PROCESOS, NAS TAREFAS E NOS AGRUPAMENTOS:

Empregaremos unha gran variedade de recursos, programas, ferramentas e diversos procesos e tarefas tales como: buscar, analizar, contrastar, clasificar, gardar, describir, identificar, interpretar, planificar... na procura de mellorar a tarefa educativa e a motivación dos alumnos/as.

En canto ao agrupamento tamén poderá ser individual ou en grupo (pequeno ou gran grupo) segundo requira a tarefa a realizar.

5. GLOBALIZACIÓN:

As aprendizaxes e habilidades que adquiramos deberán de estenderse a todos os campos de aplicación posible, tamén ao tempo de lecer.

Traballaranse contidos sinxelos e prácticos que resalten as funcións comúns ás distintas aplicacións e sistemas.

6. INTERDISCIPLINARIDADE:

Fomentarase, a través das actividades seleccionadas e dos materiais empregados, a implicación de varias áreas na realización da mesma tarefa.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Faranse propostas de traballo dirixidas a responder ás necesidades de cada cativo, intentando estimular o seu interese polas novas tecnoloxías e mellorar a súa aprendizaxe (xa se comentará máis amplamente este aspecto no *apartado 6* do proxecto).

8. IGUALDADE E COMPENSACIÓN:

O centro porá a disposición da comunidade educativa a súa infraestrutura, ofertando posibilidades de aprendizaxe que nalgúns casos poideran non estar ao alcance das familias.

Deste xeito favoreceremos que todos os nenos/as teñan acceso a coñecementos e a experiencias dificilmente accesibles noutras circunstancias, e paliaremos, nalgunha medida, os efectos da brecha dixital entre as familias.

9. COORDINACIÓN:

Faise necesaria a coordinación e o intercambio de ideas e coñecementos entre os membros do equipo docente, liña de actuación imprescindible para que todo o profesorado integre as TICs no traballo de aula.

10. FORMACIÓN:

Será necesario buscar espazos e tempos para dotar aos membros da comunidade educativa dos coñecementos básicos para que poidan desenvolverse con soltura.

A formación dos alumnos/as será levada a cabo en todas as áreas do currículo de acordo co explicado no *apartado 4*.

En canto aos profesores comentaremos máis amplamente este aspecto no *apartado 9* deste proxecto.

10. ASPECTOS METODOLÓXICOS:

Neste proceso de ensino-aprendizaxe, coas particularidades propias de cada materia, existen uns aspectos metodolóxicos comúns que sinalamos a continuación:

- Busca de información: este é un dous puntos fundamentais das TICs, que se realizará tanto individualmente coma en grupos. Internet é a maior fonte de información que a humanidade ten hoxe en día. Podemos acceder a calquera información desde calquera lugar do mundo. Pero esta enorme cantidade de información necesita ser seleccionada e discriminada (non todo o que aparece na rede é veraz) e polo tanto temos que ensinarlles aos nosos alumnos a ser críticos con esa información recibida.

- Tratamento da información: A información recollida será analizada e tratada para elaborar os seus traballos, proxectos, actividades... usando á súa vez os distintos recursos que nos ofrecen as TIC: procesadores de texto, follas de cálculo, programas de deseño... Poderanse facer dun xeito individual ou grupal; logo os traballos realizados poderán ser incorporados á páxina web do centro ou blogs de aula.
- Uso de programas, vídeos e xogos educativos: Hai unha grande cantidade de software educativo que se adapta a calquera nivel educativo e que permiten atender as diferentes necesidades e ritmos de aprendizaxe dos alumnos en calquera materia, polo que consideramos importante contar cun inventario o máis amplo posible destes recursos para que cada profesor poida seleccionar aqueles que máis se adapten ó que el necesita.

11. TIPOS DE ACTIVIDADES:

Tendo en conta as diferenzas en canto á idade, o achegamento do alumnado as novas tecnoloxías pode facerse a través de:

- **Proxectos** que xiren arredor de temas de interese propostos polos alumnos ou profesores e nos que se necesitará obter información de diversas fontes, organizar esa información e presentala aos demais.
- **Resolución de problemas concretos relacionados coa materia:** a solución requerirá a busca de información a través da rede, enciclopedias e dicionarios multimedia...
- **Seguimento de noticias relevantes para eles, a comunidade ou para a humanidade en xeral.**
- **Creación de textos colectivos a nivel de aula, curso ou ciclo.**
- **Realización de paquetes de actividades de: JClic, Contidos da Xunta, Cnice...**

- **Elaboración de webquests e miniquests.**
- **Elaboración de presentación con PowerPoint e Open Office.**
- **Actividades co encerado dixital.**
- **Creación de blogs de aula.**
- **Intercambio con outros centros.**

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE MEDIANTE AS TIC -

As Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación deberían ter como principal obxectivo, dentro dos contidos educativos o afianzamento e desenvolvemento das capacidades básicas, afectivas, cognitivas e comunicativas do alumnado con N.E.E. para poder deste xeito promover o maior grao posible de autonomía persoal e da súa integración social.

A atención á diversidade constitúe unha das principais aspiracións da Educación Básica Obrigatoria e un dos principios xerais que a LOE establece. Pretende que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferentes individuais dos alumnos, polo tanto, as medidas de atención á diversidade son básicamente medidas de individualización e personalización do ensino.

Os alumnos con necesidades educativas especiais necesitan programas e recursos individualizados para crear un entorno de aprendizaxe axeitado.

Co alumnado con necesidades educativas especiais poderanse utilizar tanto aqueles recursos que favorecen a comunicación como os programas e servizos telemáticos con fins instrutivos. Dependerán das características e posibilidades de comunicación do alumno concreto, das súas necesidades e intereses.

Atendendo ás causas máis comúns, no noso Centro podemos distinguir:

1. ALUMNADO CON FRACASO ESCOLAR OU SITUACIÓNS SOCIOCULTURAI DESFAVORECIDAS

As consecuencias do fracaso escolar sobre os alumnos son múltiples pero en todos os casos o uso do ordenador ofrece dúas vantaxes básicas no proceso de ensino-aprendizaxe: por un lado aumenta a motivación do alumnado, este acode con outra actitude cando ten que traballar nun soporte dixital que cando o fai sobre o soporte tradicional e por outro lado, adáptase aos coñecementos previos e ao seu ritmo de aprendizaxe.

En xeral, os programas informáticos que reúnan as dúas condicións expostas anteriormente, poden ser utilizados con alumnos que presenten problemas de aprendizaxe ou situacións sociais desfavorecidas, non necesitándose, en principio, un software específico para os mesmos. Nembargante, nestas ocasións, ten moita importancia a selección adecuada do software, que debe adaptarse ás condicións e necesidades destes alumnos, para que produza os efectos desexados (aumento da motivación na aprendizaxe, adquisición de coñecementos, destrezas e aumento da autoestima).

Naqueles casos de fracaso escolar asociado a situacións socioculturais desfavorecidas é probable que non dispoña dos equipos informáticos necesarios, polo que o centro tratará de paliar esta carencia facilitándolles un acceso preferente ás TIC.

2. ALUMNADO CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA

As persoas con discapacidade psíquica presentan características moi diversas debidas ós diferentes tipos e graos de discapacidade. Existen múltiples programas que poden ser adaptados ás necesidades dos individuos con discapacidade psíquica (programas de exercitación, simuladores), e que poden ser

adaptados tanto a nivel de contidos como de presentación ás características individuais das persoas discapacitadas. Estableceremos, por tanto, unhas liñas xerais que as teremos en conta, tanto no deseño de programas para estes alumnos como no modo en que poden ser utilizados.

- Os programas serán sinxelos de utilizar, con poucos e visibles elementos para o control do mesmo, impedindo a perda ou desorientación do alumnado.
- O uso de interface de comunicación será sinxelo. Preferentemente utilizarase a pantalla táctil.
- Os contidos dos programas farán referencia á adquisición de habilidades e destrezas básicas, e a facilitar a relación das persoas discapacitadas co seu entorno, favorecendo coñecementos que permitan unha maior autonomía persoal.
- Os programas deseñaranse cunha gran compoñente de interacción co usuario, de modo que cada unha das accións que realice teña unha resposta inmediata por parte do ordenador, favorecendo a aprendizaxe asociativa e as relacións causa-efecto.
- É preciso atraer a atención do usuario dunha forma constante e motivadora, posto que en moitos casos presentan dificultade para seguir atentos ó mesmo. O uso de animacións, sons ou debuxos atractivos serán un bo sistema.
- A presentación e realización de actividades terá un carácter repetitivo, posto que estes alumnos presentan maior dificultade para reter o aprendido.
- Este alumnado precisará dunha atención titorial constante, que guíe e reforce as súas aprendizaxes.

Nestes casos a selección de programas e a realización de actividades adaptadas a cada discapacidade correrá a cargo, conxuntamente, do profesor da área a impartir, orientador/a do centro, profesor de PT, AL... é dicir, por parte de todo o equipo docente do alumno/a ou de equipos específicos, se é o caso.

3. ALUMNADO CON SOBREDOTACIÓN INTELECTUAL

O alumnado superdotado é aquel que dispón de capacidades excepcionais para algún ámbito do coñecemento, non afectando por igual ós diversos ámbitos.

Xeralmente, os alumnos con sobredotación nunha área ou ámbito, poden presentar unha personalidade complexa e descompensada.

A non atención ás súas habilidades excepcionais, produce nalgúns casos, respostas de inadaptación escolar que levan ó fracaso escolar do superdotado. Este necesita entornos de estimulación constante, que favorezan o **descubrimento e a autoaprendizaxe**. Neste sentido, o ordenador é un medio importante para a integración do alumno superdotado. O uso dos programas informáticos e telemáticos para alumnos superdotados, dentro da aula, ofrecerannos novos retos intelectuais, necesarios para o alumno superdotado, na súa aprendizaxe, apoiando aprendizaxes baseadas na exploración e descubrimento de novos coñecementos xunto co apoio colaborativo que pode realizarse por vía telemática.

4. ALUMNADO INMIGRANTE E DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO

A través de Internet e dos recursos multimedia podemos traballar contidos curriculares da área de lingua co obxectivo de acadar a súa inmersión lingüística, ademais de servir para deseñar estratexias de cohesión e inclusión social e cultural.

5. AS TIC E A IGUALDADE DE XÉNERO

É un feito constatado que no uso das novas tecnoloxías o número de usuarios mulleres é inferior ao dos homes. En xeral, elas teñen menos oportunidades de acceder ao seu uso; polo que ten que ser a escola, xa dende as primeiras etapas, o lugar e o tempo onde se pode asegurar que as rapazas e os rapaces teñan as mesmas ocasións de acceder a esta alfabetización dixital, sen discriminación e en igualdade de condicións. Polo tanto ao desenvolver este proxecto estaríamos contribuíndo a dar un impulso na procura da igualdade entre homes e mulleres.

7. RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO EN RELACIÓN ÁS TIC

A principios deste curso realizouse unha gran mellora do equipamento do centro ao efectuarse o cableado en rede de todo o edificio, esta gran melloría permítenos dispoñer de conexión a Internet en todas as aulas ordinarias e na maioría das dependencias do colexio, cando anteriormente só dispoñíamos dela na aula de informática, nos despachos de dirección e de orientación. Así mesmo quedou instalada unha rede sen fíos que abarca todo o centro.

Contamos cunha aula de informática na que están ubicados 14 ordenadores fixos conectados en rede e que funcionan baixo Windows XP. Nesta aula hai ademais un escáner e 3 impresoras a cor tamén conectadas en rede con todos os equipos. O seu rendemento é bastante bo aínda que hai 5 equipos que precisan xa unha renovación, pola súa antigüidade van moi lentos, dispoñen de pouco espazo no disco duro e dan problemas á hora de instalar novos programas.

Para o traballo específico do profesorado contamos con dous ordenadores fixos colocados na sala de fotocopiadoras conectados en rede entre si e tamén con conexión a Internet. Os profesores dispoñen tamén aquí dun escáner, dunha

impresora a cor, dunha impresora láser e dunha fotocopiadora-impresora todas elas conectadas aos ordenadores.

Para o traballo en aulas específicas dispoñemos dun ordenador fixo no despacho de orientación, na aula de PT, na aula de AL, na aula de inglés e na de música. Tamén temos un ordenador na biblioteca de lingua castelá.

Para o traballo de administración, o centro dispón dun ordenador fixo instalado no despacho do equipo directivo ademais de impresora e fotocopiadora.

Repartidos por diversas aulas ordinarias están colocados 5 ordenadores fixos, ordenadores dos máis antigos que foron retirados da aula de informática, funcionan baixo Windows 98, van moi lentos, non dispoñen de reprodutor de DVD e soen presentar algún tipo de problema. Neste aspecto andamos moi escasos, a nosa meta sería contar, polo menos, cun ordenador por cada aula que funcionase eficazmente.

Coa chegada este curso de 3 ordenadores portátiles novos, xa contamos en total con 6 portátiles que están a disposición de todo o profesorado para a realización de tarefas específicas ou para levar ás clases, normalmente están ubicados na aula de informática.

Dispoñemos dun encerado dixital que se instala de forma fixa na aula de audiovisuais, dadas as súas enormes posibilidades faisenos claramente insuficiente e precisaríamos polo menos ter instalado un en cada ciclo, aínda que a meta a máis longo prazo sería ter un por aula.

Tamén temos fixos 2 vídeo-proxectores, un para dar servizo ao encerado dixital e outro no salón de actos para a proxección de presentacións, películas... cando hai algunha festividade e/ou celebración. Ademais acabamos de recibir outros 5 vídeo-proxectores e cinco pantallas de proxección repartidas do seguinte xeito: unha para cada ciclo (4 en total) e outra para uso dos profesores-especialistas. Coa chegada deste material, temos cuberta en certa medida unha

necesidade que se viña poñendo de manifesto últimamente dado o feito de que os 2 canóns de que dispoñíamos estaban instalados de maneira fixa.

Ademais do anterior contamos cos seguintes recursos relacionados coas TIC:

- 5 televisores
- 4 reprodutores de vídeo
- 4 reprodutores de DVD
- 1 cámara web
- 1 retro-proxector.
- 1 proxector de diapositivas
- reprodutores de CD
- CDs e DVDs con programas educativos (aínda que neste apartado andamos un pouco escasos): diferentes versións de Pipo, Caillou, programas de inglés, de natureza... (ver inventario do material TIC)
- Vídeos sobre diferentes temas.

Para a correcta utilización destes recursos e a súa optimización teremos en conta os seguintes puntos:

- O equipo das TIC será o encargado do mantemento e optimización dos recursos e resolverá na medida das súas posibilidades os problemas que se vaian presentando, traballando en colaboración co equipo directivo e co asesor TIC da zona.
- O equipo TIC tamén se encargará de estudar as necesidades de material e presentará a correspondente solicitude ante o equipo directivo, así mesmo será o responsable da organización dos novos recursos que van chegando ao centro enviados pola Xunta e outros organismos ou mercados polo propio colexio, sempre coa posterior comunicación ao equipo directivo.

- Outorgarase, previa petición e reserva, o recurso solicitado cando haxa moita demanda do mesmo.
- Unha vez concluída a sesión ou actividade, os recursos empregados quedarán dispoñibles para o seu uso en perfectas condicións.
- Durante as sesións de clase utilizaranse unicamente os programas indicados polo profesor/a.
- Está prohibido que os alumnos introduzan programas de discos, baixen programas de Internet ou participen en chats na rede sen autorización.
- As carpetas e ficheiros de datos creados polos usuarios deberán gardarse na carpeta *Mis Documentos*.
- Tamén está prohibido cambiar a configuración dos equipos e dos programas, pois os equipos teñen que ser compartidos por múltiple usuarios e estas modificacións dificultan o uso dos programas por persoas diferentes a que realizou a modificación.
- Os equipos contan cunha serie de programas básicos. Os profesores/as que necesiten utilizar outras aplicacións poderán instalalas nos equipos, procurando desinstalalas cando xa non as vaia a empregar.
- Se se avaría ou xorde calquera incidente durante a utilización dos diferentes materiais, comunicarase tal circunstancia o coordinador/a ou a algún membro do equipo TIC para que sexa subsanado o antes posible.

8. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

O centro conta con tres plantas: planta baixa, 1ª e 2ª planta. A totalidade das aulas ordinarias e das específicas (inglés, música, PT...) atopanse na 1ª e na 2ª e aí están ubicados a maioría dos recursos dos que dispoñemos.

Na primeira planta está instalada a aula de informática dotada dos recursos citados no apartado anterior, na segunda temos un aula de medios audiovisuais onde está colocado de forma fixa o encerado dixital e un video-proxector, tamén temos nesta aula un televisor cun reprodutor de vídeo e outro de DVD así como vídeos e DVDs sobre diversos temas.

Estos dous lugares son os principias espazos de uso común relacionados coas TIC cos que contamos porque, aínda que existan recunchos do ordenador nalgunha das aulas, este apartado, como xa dixemos, está moi incompleto e necesitamos unha maior dotación de material para que todas as clases podan contar co seu ordenador propio.

Citar tamén que na planta baixa temos instalado no salón de actos un vídeo-proxector fixo cunha pantalla de proxección que, normalmente úsase para presentacións e proxeccións durante os días que temos algún tipo de festival, conferencia ou actividade extraescolar que require un lugar máis amplo.

Para un maior aproveitamento destes dous espazos comúns, aula de informática e aula de audiovisuais, debemos ter en conta os seguintes puntos:

- O equipo das TIC elaborará a principio de curso un horario de forma que cada curso dispoña de alomenos unha hora á semana tanto na aula de informática como na de audiovisuais, así mesmo os profesores especialistas tamén contarán cunha hora.

- Os profesores usarán a hora que teñen asignada pero poderán dispor do espazo ou dos recursos sempre que non sexan utilizados polo profesor que a ten asignada, pero neste caso deberá comunicarllo previamente a dito profesor.
- As dúas aulas están destinadas preferentemente para o traballo do profesor cunha clase. Os mestres poderán utilizalas para os seus traballos específicos sempre e cando non estén ocupadas; cando haxa nelas un grupo de alumnos traballando cun profesor, o resto do profesorado fará uso dos ordenadores instalados na sala de fotocopiadoras e dos portátiles.
- Ás aulas acudirase a realizar actividades concretas para as que sexan necesarios os medios informáticos.
- Os alumnos deberán sempre estar acompañados por un profesor, en ningún caso poderán estar sos.
- Ao rematar cada sesión, o profesor que utilizou a aula deberá coidar de que todo permaneza recollido e os materiais empregado no seu lugar correspondente e, se é a última hora do día, deixar todo apagado. Así mesmo a clase ten que quedar ordeada.
- O profesorado comunicaralle verbalmente ou por escrito, no taboleiro que hai para tal fin na aula de informática, ao coordinador/a das TICs calquera avaría ou anomalía que se producise durante a sesión realizada para que poida solventarse o antes posible.
- Durante os recreos estará aberta a aula de informática para que os alumnos poidan libremente preparar traballos, buscar información ou traballar con programas ou xogos educativos previamente asignados polo profesor. Este tempo será controlado polos compoñentes do equipo TIC

e/ou por outros profesores asignados a tal fin. Para evitar que haxa un número excesivo de alumnos, tamén, a principio de curso, o equipo TIC marcará a distribución de cursos por día, dando preferencia dende 3º a 6º curso.

9. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO EN RELACIÓN ÁS TICS

A incorporación das ferramentas TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe tense que facer, ao noso entender, de maneira paulatina e, sobre todo moi realista. Por un lado, a utilización por parte do profesorado das novas tecnoloxías pasa moitas veces pola reticencia ao descoñecido, ou polo temor ante ferramentas que semellan demasiado técnicas ou complexas, o noso punto de partida será, entón, aumentar e/ou reforzar a motivación de todo o profesorado para que a integración das TICs na práctica diaria docente sexa un feito habitual e completo e non se faga só un uso esporádico delas que se intercala de cando en vez. É necesario introducir as TIC na ensinanza de xeito xeneralizado e innovador.

Por outra banda, unha boa formación técnica e didáctica do profesorado sobre o uso destas ferramentas é unha peza clave para asegurar o éxito do proxecto; necesitamos, pois, comezar cunha avaliación dos coñecementos, habilidades e destrezas que no uso das TIC ten o profesorado, para así detectar as necesidades de formación, se as houbese.

Analizadas as enquisas realizadas con este fin e xa comentadas no *apartado 2* deste proxecto, partimos de que unha maioría do profesorado do centro ten uns coñecementos informáticos a nivel de usuario medio-baixo, con utilización habitual dun procesador de texto, navegación por Internet e uso do correo electrónico; pero as carencias son importantes nos demais aspectos contemplados

no cuestionario; así mesmo a maioría dos docentes consideraba que un dos maiores atrancos á hora de incorporación das TICs ao proceso de ensino-aprendizaxe é a falta de preparación. Plantéxase así a necesidade de adquisición por parte do profesorado duns coñecementos teóricos e prácticos así como a xeración dunha dinámica de autoformación, de confianza que o propio centro ten que tratar de impulsar na medida das súas posibilidades.

- NECESIDADES DE FORMACIÓN - O profesor demanda formación nos seguintes aspectos:

- Manexo do procesador de texto e dun programa de presentacións.
- Gardar información de texto, imaxes ou vídeo para elaborar documentos.
- Presentacións e tratamento de imaxes para o uso docente.
- Intercambiar arquivos por medio do correo electrónico
- Características e uso do ordenador portátil e ferramentas externas asociadas: proxector, impresora, escáner, auriculares, micrófono...
- O encerado dixital interactivo: características e uso. Software asociado co encerado.
- Proxección co canón dixital de películas, vídeos, páxinas web...
- Manexo do escáner e a cámara dixital.
- Nocións básicas de Internet. Navegadores.
- Busca e tratamento de información textual e gráfica en Internet.
- Páxina web: características dun modelo dinámico de páxina web. Mantemento de apartados interactivos. Achega de materiais por parte do profesorado.
- Procura de material didáctico específico para cada área.
- Formación para a elaboración de contidos educativos mediante ferramentas de autor: JClic, Lim...
- Manexo do programa XADE para cubrir faltas de asistencia, avaliacións...

- Formación para a elaboración de miniquests, blogs de aula...

- PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS -

A formación pode ser adquirida por dúas vías:

- Formación interna - o centro tratará de promover o traballo en equipo, o intercambio de coñecementos, ideas, experiencias e materiais no ámbito das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe, aproveitando os recursos humanos cos que conta para realizar actividades de formación interna ao longo de cada curso. A forma de levar a cabo estas sesións será a seguinte:
 - O equipo TIC. a principio de cada curso, planificará os temas e o número de sesións a realizar tendo en conta as demandas do profesorado.
 - As sesións realizaranse fora do horario lectivo previa comunicación a todos os integrantes do equipo docente do centro para o seu coñecemento, tendo en conta que a participación nelas será sempre voluntaria.
 - A docencia destas sesións correrá a cargo do coordinador/a TIC contando coa axuda dos demais integrantes do equipo; así mesmo tamén poderá correr a cargo de calquera compoñente do claustro que teña os coñecementos suficientes sobre a materia a tratar ou dun experto que acuda ao centro.
 - O equipo TIC prestará o apoio necesario ao profesorado que o demande e fomentará a formación de pequenos grupos de traballo

para a realización de actividades e experiencias comúns e a elaboración de materiais.

- Formación externa - será necesaria tamén unha formación por parte de especialistas en determinados temas. Para iso dende o equipo TIC fomentarse a asistencia a cursiños de formación do CEFORE e outros organismos, así como a xornadas, grupos de traballo... que teñan que ver coa súa formación en TIC, seleccionando e dando a coñecer os mesmos a todo o profesorado. Tamén se impulsará a formación non presencial mediante a realización de cursos on-line ou a formación en Internet.

10. PLAN DE AVALIACIÓN DO PROXECTO

A introdución das TIC na práctica docente supón un novo reto que necesita ser avaliado constantemente por todos os membros da comunidade educativa, pero especialmente polo profesorado e alumnado.

A avaliación constitúe un elemento máis do proxecto. A primeira función de toda avaliación é a de proporcionar información sobre aquilo que se pretende coñecer, neste caso, a efectividade deste proxecto na implantación das TICs no noso centro e a súa repercusión na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe o que requerirá unha reflexión profunda por parte de todo o colectivo implicado.

Os momentos do proceso nos que se realizará a avaliación son:

Unha avaliación inicial da situación real do centro no que á incorporación das TICs se refire, que neste caso queda recollida no anexo 1 deste proxecto, tanto referida a alumnos coma a profesores (se a plantilla de profesores sofre modificacións importantes a comezos de cada curso precisaríase pasar un novo cuestionario).

Ao longo de cada curso realizarase unha avaliación continua para coñecer a marcha do proxecto e por último farase, a finais de curso, unha avaliación final.

A avaliación ten que servir en todo caso como feedback para todo o proceso, de feito que se leven a cabo as modificacións necesarias para a consecución ou mellora do mesmo.

Atenderase aos obxectivos, contidos e actividades programadas, analizando o grao de consecución dos mesmos e reformulándoos cando sexa preciso.

Empregaremos enquisas sobre o grao de valoración e satisfacción da implantación das TICs na aula e no centro en xeral.

Avaliarase a competencia dixital do alumnado a través da práctica educativa, a competencia comunicativa a través destes medios así coma o uso crítico que fagan da inxente información que manexan.

A avaliación atenderá tanto ao alumnado, coma ao profesorado e ó centro en xeral, aspectos que responden aos tres apartados en que se estruturaron os obxectivos, para deducir conclusións significativas respecto deste proxecto no seu conxunto.

-AVALIACIÓN ALUMNADO -

Para valorar o grao de coñecemento das ferramentas empregadas e a competencia dixital do alumno será o equipo docente de cada grupo os que

valorarán os seus coñecementos, sempre aplicados a situacións reais de aprendizaxe, a través da:

- Observación directa durante o traballo de aula.
- Traballos realizados, nos que teña que facer uso de determinadas ferramentas informáticas.
- Manexo dos programas.
- Resultados das miniquets realizadas.

Valorarase igualmente o seu nivel de competencia comunicativa tanto cos compañeiros do entorno próximo coma cos do estranxeiro: manexo de Internet, Messenger, Chat...

É de destacar aquí que o alumno cando fai uso das TICs tamén é capaz de realizar unha autoavaliación do seu proceso de aprendizaxe ó comprobar se é capaz de utilizar estas novas tecnoloxías e á vez coñecer o dominio que ten da materia obxecto de estudo, progresos que vai facendo, vendo que actividades é capaz de resolver e cales non, o que lle resulta moito máis motivador.

En canto ao grao de motivación e satisfacción das actividades programadas coas TICs durante o curso, levarase un rexistro no que se anotarán as sesións nas que cada alumno acode á aula de informática nos recreos e deseñarase unha enquisa para pasarlles aos alumnos ao final de curso, sobre uso e valoración das TICs que logo será contrastada coa inicial e coa do profesorado.

- AVALIACIÓN PROFESORADO -

Cada profesor que faga uso das TICs na aula deberá facer unha avaliación do proceso onde se valorará o grao de adecuación dos resultados obtidos en cada

actividade en relación cos obxectivos marcados, así como do correcto uso das ferramentas TIC empregadas, contando ademais coa valoración que o propio alumnado realice de cada unha.

Aspectos a valorar cara aos alumnos serían:

- Grao de asimilación dos contidos co apoio das TIC.
- Comparar se se reduciu o tempo necesario fronte ao non emprego das TIC.
- Nivel de atención do alumnado.
- Comportamento na aula.
- Grao de autonomía persoal no proceso de ensino- aprendizaxe

No caso de que o profesorado o demande e para facilitar este labor, deseñaríase unha ficha de seguimento e avaliación que cubriría cada profesor con cada unha das actividades levadas a cabo na aula.

Alomenos unha vez ao final de cada trimestre reunirase todo o profesorado do centro, previo debate en ciclos, para facer un balance do grao de cumprimento dos obxectivos marcados no plan anual no apartado de novas tecnoloxías. Será aquí onde se valoren as diferentes actividades que se están levando a cabo, se hai que introducir algunha modificación, problemas atopados, etc.

Consideramos fundamental estas postas en común, xa que comezamos unha andaina nova o que creará moito desconcerto e xurdirán moitas dúbidas á hora de levar á aula estas tecnoloxías, polo que o intercambio de información, actividades e experiencias entre nós permitirá que sigamos adiante neste difícil pero imprescindible reto.

- AVALIACIÓN CENTRO E COMUNIDADE EDUCATIVA -

Avaliarase igualmente o grao de implantación das TICs na relación do centro coa comunidade educativa en xeral analizando o emprego das TICs nos seguintes aspectos:

- Comunicacóns do centro coas familias que dispoñan dos medios necesarios a través do correo, páxina web...
- Comunicación interna secretaría-dirección co profesorado a través do correo electrónico.
- Comunicación con outros centros ou organismos oficiais a través destes medios.
- Emprego das TIC en actos de carácter xeral que se desenvolvan no centro: festivais, encontros, xornadas...
- Achegas dos diferentes sectores da comunidade educativa á páxina web do centro.
- Informatización da biblioteca co uso do programa Meiga.
- O apoio dende o equipo directivo a todas aquelas iniciativas que favorezan a integración das TICs no centro.
- Recursos dispoñibles, dotación de medios, medidas de mantemento dos equipos...

- AVALIACIÓN PROXECTO -

O equipo das TICs realizará unha avaliación continua do desenvolvemento da programación anual no que ao uso das TICs se refire, que lle permitirá facer os axustes ou modificacións precisas para garantir que se alcancen os obxectivos marcados, vendo a integración das TICs nas diferentes áreas do currículo e nas programacións, grao de confianza e autonomía do profesorado no manexo destas ferramentas, necesidades de formación. Valorará igualmente os recursos dispoñibles, grao de aplicación na organización académica e institucional do centro

e na proxección cara ó exterior... polo que se fan imprescindibles reunións bimensuais para tal fin.

O equipo das TICs realizará ademais todas aquelas reunións que vexa necesarias para que se poida desenvolver o plan o mellor posible.

Este equipo realizará unha enquisa que se pasará a finais de cada curso académico a profesores e alumnos sobre uso e valoración das Tics.

Ademais cada ciclo elaborará unha memoria, ao final do curso, onde queden recollidos o grao de consecución dos obxectivos marcados tanto para o alumnado coma para o profesorado, as actividades realizadas e propostas para o vindeiro curso, problemas atopados, recursos máis utilizados, necesidades, atención á diversidade e coeducación, necesidades de formación, etc.

O coordinador/a das TICs en colaboración co equipo elaborará unha memoria a finais de curso onde se recollerá o desenvolvemento das TICs a nivel de centro, actividades xerais realizadas, resultados das enquisas e das memorias dos distintos ciclos, recursos dispoñibles e necesidades a cubrir, cuestións de índole organizativa, tanto de espazos coma de recursos, accións levadas a cabo de mantemento de equipos e software, actividades de formación dentro e fora do centro, grao de participación e satisfacción do profesorado nos grupos de traballo, actividades desenvolvidas ...coordinación docente, colaboración externa...

Dita memoria formará parte da memoria anual do centro, que será lida no Claustro e Consello Escolar